

ELECCIÓN 2026

PLAN DE TRABAJO 2026-2030



SOMOS EDUCACIÓN SOCIAL

"Chorima nosa chorima, tan amarela no monte, ti e-la fror dos galegos, dos de onte e dos de hoxe. Fror de toxo, fror de toxo, fror da galeguidade as raíces son a ialma a chorima a saudade. Arrecendes os toxales, non te quixeches na casa, ergueita brava e ceibe como os galegos de raza. Somenta a nosa terra abona a túa semente, chorima ti sí es nosa, fúche-lo e sera-lo sempre".
Saraibas

Mantemos a flor do toxo como referencia dun traballo unido á nosa terra



A FLOR DO TOXO
AS TOXAS
A PRANTA
O REGO DA PRANTA

A Educación Social é un “Dereito da cidadanía que se concreta no recoñecemento dunha profesión de carácter pedagóxico, xeradora de contextos educativos e accións mediadoras e formativas, que son o ámbito de competencia profesional do educador e da educadora social” (ASEDES, 2008: 13).

O Colexio profesional de Educadoras e Educadores sociais de Galicia (Ceesg) é o soporte fundamental para avanzar nesta loita de transformación social.

Temos como horizonte a salvagarda dos dereitos da cidadanía en planos de equidade e xustiza social e, polo tanto, a busca dunha mellor calidade de vida, individual e colectiva.

A Educación Social é profesión con identidade propia, con base científica e demostrable, e con métodos de traballo que se desenvolven en ámbitos de acción-intervención específicos.

Esta euipa vai a traballar para a profesión a través da xeración de redes, sinerxias e construción con e para a cidadanía dunha profesión esencial que ten a súa esencia nas profesionais que a conformamos.

A FLOR DO TOXO

Un dos nosos retos principais foio visibilizar a Educación Social á cidadanía para reivindicar esta como necesaria

A reafirmación comprometida co CEESG coa colexiación daralle continuidade á liña establecida en anos anteriores apostando por unha representación e espazos que xeren maior visibilidade da Educación Social, posibilitando a incorporación da Educación Social nas administración locais, entidades sociais e do terceiro sector así como no coñecemento e recoñecemento da cidadanía.

Entendemos que a visibilización da Educación Social ca cidadanía é un traballo a desenvolver como colexio profesional para posibilitar o acceso e fortalecer a nosa profesión.

Imos a avanzar na creación de espazos de participación que melloren a nosa praxe profesional, a través de:

- 📖 Espazos formativos
- 📖 Espazos de coidado e coñecemento profesional.
- 📖 Espazos de supervisión profesional

A esencialidade da Educación Social manterase a través de :

- 📖 A identificación da profesión pola cidadanía
A promoción e achegamento da Educación Social á cidadanía será base das nosas actuacións
- 📖 O establecemento dunha liña clara de calidade na práctica da profesión colexial
A defensa da profesión a través dun proceso claro e definido de formación de calidade e representación visibilizada para lograr esta presenza.

AS TOXAS: A EQUIPA

O compromiso é clave desta equipa é a representación visible no conxunto da colexiación, cidadanía, entidades e administracións.

Mantendo como guía o marco que establece o Decreto 230/2006, do 30 de novembro, polo que se aproban os Estatutos do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, os nosos principios de actuación serán:

- Promover o recoñecemento social e profesional da educación social a través da representación dos intereses profesionais das persoas colexiadas especialmente nas súas relacións coa Administración.
- Ordenar o exercicio profesional en calquera das súas formas e modalidades.
- Defender os intereses profesionais das persoas colexiadas.
- Velar para que a actuación das persoas colexiadas correspondan aos intereses e necesidades da sociedade en relación co exercicio da profesión.
- Garantir o cumprimento da boa práctica e das obrigas deontolóxicas da profesión.
- Protexer os intereses das persoas usuarias e consumidoras dos servizos profesionais.

Esta equipa seguirá caracterizándose por:

- A **responsabilidade social e reivindicativa** na defensa da educación social.
- O **compromiso coa ética e o código deontolóxico** da nosa profesión.
- A transparencia e a pluralidade.
- A participación, o **carácter proactivo e propositivo**, achegando propostas tecnicamente argumentadas e de valor ético, político e socioeducativo.
- O **traballo en rede** entre profesionais, aberto e colaborador con outras entidades e profesións relacionadas coa intervención social e coa comunidade.
- A **utilidade** e a **eficiencia**, dando respostas ás demandas e preocupacións das persoas colexiadas e non colexiadas, así como ao resto da cidadanía.
- A **actualización**. Un colexio visible e empoderado.
- A **horizontalidade**, construindo e transformando en equipo.

A PRANTA

O CEESG conformarase a través de dous espazos definidos:

Xunta de Goberno e Áreas de traballo

XUNTA DE GOBERNO


Tarefa: Representación da colexiación

A estrutura da Xunta de Goberno queda distribuída en tres Eixos de Traballo, coordinadas polas compoñentes da Xunta Permanente do Ceesg:

- Presidencia: Sonia M. González Rodríguez
- Vicepresidencia: Rocío Núñez Rúa
- Secretaría: Iria García Martínez
- Tesourería: Rodrigo Gil Cedillo
- Vogais:
 - Jesús Deibe Fernandez Simo
 - María Felicidad González Tenreiro
 - Laura Fernández Rebollido
 - Vanessa Otero Dios
 - Pilar Ramallal Fernández
 - Noelia Rodríguez Álvarez
 - María Jesús Segade Conde
 - Alfonso Tembrás López

Ca finalidade de achegar a nosa representación nos espazos necesarios establecemos **delegacións provinciais** para posibilitar esse achegamento da colexiación ó CEESG.

- 📍 A Coruña: María Felicidad González Tenreiro
- 📍 Lugo : María Jesús Segade Conde
- 📍 Ourense :Jesús Deibe Fernández Simo
- 📍 Pontevedra : Vanessa Otero Dios



ÁREAS DE TRABALO

Traballaremos a través de tres espiñas ou eixos interdependentes e unha principal que transversalmente e a través da representación funcione de fío conductor .

ESPIÑA 1/EIXO PRINCIPAL: Acción profesional e sociolaboral

Centrada na busca dunha maior presenza da nosa profesión,

Tarefa principal : Representación nas administracións públicas amosando a Educación Social como eixo fundamental das políticas públicas.

Tarefas /Sementes

- SEAFs: Promover a presenza da Educación Social en todas as equipas de Servizos Sociais dos concellos e provinciais
- CIMs: Reivindicaremos a necesaria imprescindible presenza da Educación Social para asegurar o acompañamento socioeducativo que podemos e debemos ofrecer ademais da intervención dende a prevención.
- Renta básica : Promoción e colaboración con entidades na procura da dignidade da atención á cidadanía.
- Mediación: familiar, comunitaria e no ámbito xudicial.
- Bolsa de promoción de empresas de Educación Social
- Convenios con entidades de intervención dende a Educación Social
- Mantemento ca coordinación cos sindicatos na procura da presenza destes nas entidades e como garantes das adecuadas condicións laborais

ESPIÑA/EIXO 2: Desenvolvemento profesional

Tarefa principal:

Mellorar a calidade formativa da colexiación ca organización dun ambiciosos plan de traballo plurianual que integre as necesidades da profesión.

Visibilización da profesión a través de distintas xornadas , congresos....

Tarefas/Sementes

- Universidade: contacto directo, actualización e reciclaxe da formación
- Programas de Prácticas de e por a Educación Social
- Desenvolvemento de materiais claves para a profesión

ESPIÑA/EIXO 3 : Participación colexial

Tarefa principal:

Manter a colexiación informada a prol da mellora profesional

Facilitar vías de participación a través dos grupos de traballo principalmente a prol da mellora profesional e de promoción da forza colexial.

Tarefas/Sementes

- Xerar contido en redes e web do Ceesg con materiais asociados os grupos - Periodicidade mensual
- Webinar: creación de rede de ES por grupos - Periodicidade semestral
- Grupos de traballo :

Durante esta andadura queremos darlles maior protagonismo a través de tarefas concretas e representación acompañada da Xunta de Goberno

Os grupos de traballo son espazos de participación, encontro e especialización nas áreas que representan á profesión .

Actualmente os grupos en activo son:

- Grupo de Traballo en Igualdade (Fiadeiras)
- Grupo de Traballo de Infancias e Familias ABEIRA /ESCARABELLANDO
- Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica (GEIX): Sociedade Galega
- Grupo de Educación Ambiental e Desenvolvemento Comunitario (A Eira)
- Grupo de Traballo de Saúde (Miolo)
- Grupo de Animación Sociocultural

Novas propostas :

- Grupo de Educación Social e Escola

Promoveremos a través da representación de XG a participación periódica nos mesmos ca apertura á colexiación e o mantemento da periodicidade das xuntanzas

Abertas á que a colexiación poda facer novas propostasnos distintos ámbitos de intervención socioeducativa

OUTROS ESPAZOS

- GALEDUSO : Previsión de número especial Renta Básica : dereito da cidadanía
- Comisión Ética e Benestar Profesional

Esta Comisión xurde coa finalidade de impulsar e asentir as cuestións éticas e de coidado no Ceesg, velando por unha praxe socioeducativa coherente cos principios e valores que se derivan do noso código deontolóxico e, promovendo estratexias que melloren as cotas de benestar da comunidade profesional da educación social.

Reforzo do crecemento e visibilidade como aspecto clave da calidade da Educación Social que queremos.

Promoverase a participación de integrantes -referentes de grupos de traballo como forma de activación da mesma .

Referente da xunta de goberno: Alfonso Tembrás

Grupos motor e Puntos de Información Colexial (PIC)-

Os PIC constitúen un espazo de referencia para a comunicación entre as diferentes universidades galegas onde se imparte a titulación de educación social e o Ceesg. Achegando, de xeito áxil e próximo, información, propostas, campañas e actuacións do propio colexio ao estudantado e á comunidade universitaria en xeral.

Durante esta nova candidatura queremos retomar o contacto e a comunicación co estudantado das universidades galegas, fundamentalmente no que se refire ao apoio mutuo na difusión da Educación Social .

Reforzo a través da visibilidade e contacto continuado do CEESG cas profesionais en formación .

Referentes da xunta de goberno en cada universidade :

UDC: Rodrigo Gil Cedillo

USC: Rocío Núñez Rúa

UDV: Jesús Fernández Deibe Simo

Espazo DIALOGA

O Ceesg participa, xunto co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia , Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e Colexio Profesional de Terapia Ocupacional ,Colexio Profesional de Fisioterapia nun espazo de traballo en rede onde construír liñas de acción en común con profesións do eido social, ademais de dar a coñecer a nosa profesión.

Queremos manter unha proposta clara de colaboración interprofesional definindo nesta andadura as posibilidades e liñas de colaboración.

-  Espazo Supervisión de Acción socioeducativa familiar : Xa iniciado servirá de punto de encontro e reforzo de profesionais da Educación Social nos SEAF de Galicia construíndo entre todas profesión e favorecendo a supervisión e rede.

Espazo REANIMA

A Educación Social confórmase xa como unha profesión dunha andadura que permite ter unha bagaxe e estrutura de profesionais que son esenciais no acompañamento a novas profesionais e a profesionais que precisan de apoio

Con este espazo queremos posibilitar ese apoio de xeito continuo á profesionais no seu coidado .

Posibilitarase este espazo a través da conformación de grupo inicial de Educadoras Sociais xubiladas como garantía de aproveitamento da súa bagaxe profesional .

REGO DA PRANTA

Para operativizar os obxectivos formulados realizamos unha novedosa proposta clara en canto a :

COMUNICACIÓN: A través da Educadora Social do CEESG e da colaboración con entidades do sector realizarase unha liña clara de visibilización mediática da profesion

ESPAZO FÍSICO COLEXIAL: A necesidade de facer rede nesta profesión precisa dun achegamento claro da profesión ó CEESG reforzando o papel dos recursos humanos cos que contamos e valorando o incremento destes recursos.

REPRESENTACIÓN CO CEESG EN CONSELLO : Co mantemento de colaboración cunha liña crítica que fomenta a horizontalidade a nivel estatal e o reforzamento da Educación Social como profesión .

RELACIÓN CEESG-SINDICATOS PROFESIONAIS na defensa das condicións laborais das condicións aborais

10

PROPOSTAS ESTABILIZADORAS

 Xurés

Periodicidade :anual

 Encontro SEAF

Periodicidade : Anual

 CIPIES

Periodicidade: Cada catro anos

AS TOXAS: EQUIPA DE TRABALLO

Esta nova candidatura agrupa educadoras e educadores sociais cunha perspectiva de horizontalidade nas dinámicas de traballo conxunto co obxectivo común de:

- 📌 Posicionar a Educación Social na sociedade galega como un dereito da cidadanía

Sonia González Rodríguez -Colexiada núm. 3402 Presidencia



Diplomada e posteriormente Graduada en Educación Social(UDC e UNED)
Especialista en **Intervención Familiar. Formadora** por e para a Educación Social.
Traballadora en **SEAF** de Arteixo dende hai máis de vinte anos , son unha firme defensora das familias e dos seus **dereitos sociais. Feminista e proactiva** nos dereitos das familias
Defensora do sector público como resposta posible e necesaria ó traballo dende e polo comunitario.
“A primeira sorte é **onde naces e con quen fas o camiño**”

Rocío Núñez Rúa. Colexiada nº 3867 Vicepresidencia



Educadora Social pola Universidade de Vigo
Máster en **Orientación e Mediación Familiar**
De Cangas do Morrazo de nacemento e **corazón e picheleira** por amor e convicción.
Traballei durante 13 anos no **terceiro sector de acción social**, pasei polo sistema de protección de infancia e xuventude e actualmente son funcionaria de carreira educadora social no Concello de Oroso.
Como **nai e feminista** milito e participo en diferentes **movementos sociais, sindicais e feministas de Galicia.**

Iria González Tenreiro .Colexiada núm. 3867-Secretaría



Educadora Social (UDC 2001-2004) con formación en Terapia Familiar Sistémica, Psicopedagogía e Psicoloxía.

Máster Universitario en **Asesoramento e Orientación Familiar**.

O meu traballo profesional sempre estivo vinculado coa **prevención e intervención socioeducativa**, especialmente con **familias e nenas/nenos e adolescentes**.

Dende hai uns anos son persoal do Concello de Valdoviño como responsable do **Servizo de Educación e Apoio Familiar** e do programa de **Igualdade, Diversidades e Prevención de Violencias**.

Recoñezome no **activismo social**, na **maternidade** e no **coidado ás persoas**

Rodrigo Gil Cedillo -Colexiado Núm. 5328-Tesorería



Graduado en Educación Social da promoción 2015-2019 da Universidade da Coruña. Máster en **Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria** con especialización en **Migracións** na mesma universidade.

Traballei no ámbito da **infancia e mocidade** en risco, en atención á poboación en risco de exclusión social e con **poboación migrante**.

Son cofundador da ONG Caguama Instituto de Migracións Ecosociais, a través da cal pretendemos atender as **necesidades da poboación migrante** na Coruña e contorna.

Son activista a favor da **Renda Básica e dos dereitos das persoas** en situación de exclusión social

Noelia Rodríguez Álvarez.Colexiada núm. 3408-Vogalía



Educadora social **feminista activista**. Da promoción do 96-99 da USC e coa mesma ilusión, gañas e enerxía que o primeiro día.
Proactiva, resiliente e con moita enerxía, gosto especialmente do traballo en equipo.
Experta en **igualdade de xénero** e en **xerontoloxía social** e dedicada profesionalmente á docencia para o emprego e á **prevención** e intervención na violencia de xénero.
No ámbito colexial o meu traballo está sobre todo no Cgcees onde formo parte da Xunta de Goberno. Coordino a área de comunicación e a comisión de xénero e **diversidade**. Por que dicir non, cando podes dicir que si?

Jesús Deibe Fernández Simo.Colexiado núm. 4851.Vogalía



Educación social: **ciencia e profesión**.

As **estratexias socioeducativas** eficaces están fundamentadas nun coñecemento científico que se nutre das boas prácticas recollidas e reflexionadas nun capital teórico patrimonio da profesión.

En educación social a **teoría e a práctica danse a man**. O noso corpo teórico facilita evidencias coas que defender con orgullo o bo facer profesional. O **coñecemento científico** propio permítenos asumir os retos presentes e futuros. Na educación social facemos ciencia e profesión fuxindo da falsa neutralidade que busca domesticar a persoas e sociedades. Nós tomamos partido. Somos **indiscutiblemente queer e actuamos fomentando emancipacións** que resultan liberadoras.

Alfonso Tembrás López .Colexiado núm. 0103.Vogalía



Levo máis de 30 anos traballando en **programas e accións** orientadas a previr e atender ás persoas con **problemas relacionados co consumo de drogas**.

Paralelamente levo desenvolto diversas **responsabilidades no ámbito colexial** desde os seus inicios (e antes).

Coordino a **Comisión de Ética Benestar do Colexio**, tamén participo no Grupo de traballo Miolo e na **Comisión de Deontoloxía** do CGCEES

Pilar Ramallal Fernández .Colexiada Núm. 4801-Vogalía



Diplomada en Educación Social, licenciada en Pedagogía e estudante de Doutoramento en Ciencias da Educación e do Comportamento. Con experiencia no **Sistema de Protección á Infancia**, especialmente en programas de **acollemento residencial e tránsito á vida independente**, manteño un compromiso firme coa **defensa da infancia**, a súa escoita e os seus intereses. Son tamén terapeuta familiar acreditada, o que reforza a miña mirada sistémica e o meu enfoque de acompañamento. En **continuo proceso de aprendizaxe**, busco afinar a mellor ferramenta socioeducativa: a figura da educadora social que acompaña, que cría terapeuticamente e que, en definitiva, exerce como titora de resiliencia. Actualmente desenvolvo a miña labor como **docente de Formación Profesional na familia de Servizos Socioculturais e á Comunidade**, desde onde procuro promover unha **práctica ética, crítica e centrada nas persoas mozas**.

María Jesús Segade Conde .Colexiada Núm. 0455-Vogalía



Educadora social feminista. Da promoción do 96-99 da Universidade de Vigo. A Educación Social é un todo na miña vida diaria, entendéndoa coma un **medio de transformación social**, buscando a **igualdade**, no seu sentido máis amplo, valorando todos os aspectos que nos fan únicos e que enriquecen as distintas comunidades das que podemos formar parte, respectándonos e axudándonos independentemente do xénero, procedencia, crenzas, economía, status social...

Despois de exercer o meu labor profesional en distintas institucións, levo anos traballando nos **Servizos Sociais comunitarios** do Concello de Melide como Educadora Social no **Servizo de Educación e Apoio familiar**, dende o cal procuro transmitir os valores mencionados anteriormente, aportando o meu gran de area, na mellora da sociedade.

Especialista universitaria en **Intervención Familiar e na Mediación**, un dos meus ámbitos

Felicidad González Tenreiro- Colexiada Núm 0177-Vogalía



Alén da vocación e da titulación universitaria en Educación Social, son licenciada en Psicopedagogía e conto con estudos de posgrao e mestrado en **orientación educativa e en intervención familiar**. Mais, como esixe a nosa profesión, a miña **formación é permanente e en continuo desenvolvemento**.

Hai vinte anos iniciiei a miña traxectoria profesional nos **Servizos de Educación e Apoio Familiar dos Servizos Sociais Comunitarios**. Porén, os meus primeiros pasos como educadora social están vencellados ao **voluntariado social** e ao **ámbito asociativo**.

O fío deste percorrido persoal e profesional está vinculado ao **acompañamento socioeducativo de persoas e grupos en diversos ámbitos**, co obxectivo de **promocionar o seu coidado e benestar**.

Vanessa Otero Dios .Colexiada Núm. 5585-Vogalía



Educadora social **feminista de vocación e de profesión**. Traballo con persoas en risco de exclusión e sen rogaríamos acompañando nos seus **procesos de desenvolvemento personal e comunitario**, poñendo o **foco na recuperación dos seus dereitos** e mellor da súa **autonomía personal**.

Facer visible o invisible porque aquilo do que non se fala, se mella que non existe.

16

Laura Fernández Rebollido.Colexiada Núm. 4797-Vogalía



Cursei os meus estudos na USC e aos poucos fun descubrindo unha **profesión de convivencia, xustiza e feminismo**. Experta en **educación emocional**, comecei o meu labor profesional en **intervención familiar**.

Pasei a traballar con **persoas en situación de extrema vulnerabilidade** e actualmente traballo na Administración cunha **firme vocación cara ao servizo público**. Son unha **apaixonada da formación**, aprendendo de con quen e para que traballo cada día.

